



**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN  
EN DATA EN DATA 31 DE XULLO DE 2019.**

**PRESIDENTE:**

PABLO DIEGO MOREDA GIL

**MEMBROS:**

MANUEL PEREZ RIOLA

CARMELA PRIETO CAL

MAGDALENA PEREZ VILLAR

JESUS ROMERO CARRACELAS

ERMITAS GARCIA RIOS

MANUEL MARTINEZ LOPEZ

LUIS RUBIDO RAMONDE

ESTEBAN BLANCO GARROTE

ESTHER COUTO LAMIGUEIRO

MARIA DE LA LUZ LEONARDO ANEIROS

MARIA JOSE RODRIGUEZ PEREZ

MANUELA LOPEZ RODRIGUEZ

**AUSENTES:**

**SECRETARIA:**

ANA VELO RUIZ

**INTERVENTOR ACCIDENTAL:**

FRANCISCO JAVIER ZUNZUNEGUI VAZQUEZ

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 20:00 horas do día 31 de xullo de 2019, réunese o Concello Pleno en primeira convocatoria, previa convocatoria para os efectos, co obxecto de realizar sesión ordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde- Presidente e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta ésta.

**1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á  
EXTRAORDINARIA REALIZADA O DÍA 04.07.2019.**

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada o 04.07.2019.



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

A Presidencia somete a votación ordinaria a aprobación da acta do pleno anterior, correspondente ao extraordinario de 04.07.2019, resultando aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes.

### 2. RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS – REX 4 - 2019

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 24 de xullo de 2019, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía asinada en data 16.07.2019, que dí:

“Figurando pendente de pagamento diversas facturas por gastos pola realización de diferentes obras e servizos ou a adquisición de bens, que non puideron ser aplicadas ao correspondente exercicio por diversas razóns, é polo que, ao amparo do establecido nos artigos 23.1.e) do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, 60.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título Sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de presupostos, e 14 das Bases de Execución do Presuposto, elévase ao Pleno da Corporación, se inicia a tramitación de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.

Figura no expediente informe de reparo da Intervención municipal polo trámite de facturas e gastos do exercicio anterior sen o preceptivo trámite orzamentario e outras irregularidades.

Tendo en conta que de non tramitar as facturas se trataría dun enriquecemento inxusto para a Administración pois se trata de gastos efectivamente realizados que teñen o seu conforme na recepción dos gastos ou servizos.

Por todo iso propónse ao Pleno, para a súa aprobación se así estímase oportuno, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Levantar a nota de reparo incorporada ao expediente.

Segundo.- O recoñecemento extraxudicial dos créditos obrantes no expediente instruído que constan de 22 rexistros e un importe total de OITO MIL QUINIENTOS CORENTA EU CATRO EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS DE EURO (8.544,15€), nos termos que se detallan a continuación:

Nº REX.	NOME	TEXTO EXPLICATIVO	PRG	EC	IMPORTE
F/2019/486	QUIRON PREVENCIÓN SLU	Vigilancia de la Salud. Por los siguientes conceptos: Del 01-11-2018 al 30-11-2018.	920	22799	419,50 €

**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

F/2019/917	BANDA DE MUSICA VILA DE CEDEIRA	ACTUACION FESTAS SANTA ANA 2018	334	22799	600,00 €
F/2019/918	BANDA DE MUSICA VILA DE CEDEIRA	ACTUACION DOMINGOS MUSICAIS ANO 2018	334	22799	600,00 €
F/2019/919	BANDA DE MUSICA VILA DE CEDEIRA	ACTUACION FESTAS PATRONAIS 2018	338	22799	600,00 €
F/2019/920	BANDA DE MUSICA VILA DE CEDEIRA	ACTUACION FESTAS PATRONAIS 2018	338	22799	600,00 €
F/2019/999	ASOC CULTURAL DISCALZOS POLO FESTIVAL	RC ACTUACION FESTAS PATRONAIS 2018	338	22799	1.000,00 €
F/2019/1060	NATURGY IBERIA	POTENCIA ELEC. MODO 1 18/10/2018 - 19/12/2018 1CUPS ES0022000004989240VK1P	165	22100	921,64 €
F/2019/1062	NATURGY IBERIA	POTENCIA ELEC. MODO 1 18/10/2018 - 17/12/2018 CUPS ES0022000004989236VV1P	165	22100	401,27 €
F/2019/1066	NATURGY IBERIA	POTENCIA ELEC. MODO 1 22/10/2018 - 20/12/2018 CUPS ES0022000004989241VE1P	165	22100	285,05 €
F/2019/1069	NATURGY IBERIA	CONSUMO ELECTRICIDAD DIA 01/11/2018 - 31/12/2018 CUPS ES0022000007767241GJ1P	165	22100	703,62 €
F/2019/1071	NATURGY IBERIA	POTENCIA ELEC. MODO 1 23/10/2018 - 20/12/2018 CUPS ES0022000004989257HS1P	165	22100	859,73 €
F/2019/1243	ASOCIACION CULTURAL MUSICAL SONS DE CELEIRO	ACTUACION GRUPO MUSICAL SONS DE CELEIRO 31.08.2018	334	22799	200,00 €
F/2019/1295	HICOPLA SL	CONTROL DE PLAGAS AGOSTO 2018	311	22799	219,09 €
F/2019/1296	HICOPLA SL	CONTROL DE PLAGAS SETEMBRO 2018	311	22799	219,09 €

**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

F/2019/1297	HICOPLA SL	CONTROL DE PLAGAS OCTUBRE 2018	311	22799	219,09 €
F/2019/1298	HICOPLA SL	CONTROL DE PLAGAS NOVIEMBRE 2018	311	22799	219,09 €
F/2019/1299	HICOPLA SL	CONTROL DE PLAGAS DICIEMBRE 2019	311	22799	219,04 €
F/2019/1620	GAS NATURAL SUR SDG SA	Importe por peaje de acceso ( .293 kW * 38.043426 Euros/kW y año * (34/365) días )	165	22100	7,66 €
F/2019/1621	GAS NATURAL SUR SDG SA	Importe por peaje de acceso ( 5.05 kW * 38.043426 Euros/kW y año * (14/365) días	165	22100	51,21 €
F/2019/1622	GAS NATURAL SUR SDG SA	Importe por peaje de acceso ( 5.78 kW * 38.043426 Euros/kW y año * (27/365) días	165	22100	139,09 €
F/2019/1623	GAS NATURAL SUR SDG SA	Importe por peaje de acceso ( 1.466 kW * 38.043426 Euros/kW y año * (19/365) días )	165	22100	33,21 €
F/2019/1624	GAS NATURAL SUR SDG SA	Importe por peaje de acceso ( 2.061 kW * 38.043426 Euros/kW y año * (27/365) días	165	22100	26,77 €
				<b>TOTAL</b>	<b>8.544,15 €</b>

“

A Comisión, por cinco (5) votos a favor, do PSdeG-PSOE (4) e do BNG (1), e dúas (2) abstencións do PP, acorda ditaminar devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por nove (9) votos a favor, do PSdeG-PSOE (7) e do BNG (2), e catro (4) abstencións do PP, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

### 3. MODIFICACIÓN DA DATA DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 24 de xullo de 2019, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía asinada en data 19.07.2019, que di:



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

“Mediante acordo adoptado no Pleno extraordinario de data 04.07.2019 acordouse:

“(…)Primeiro: Que o Concello Pleno realice as sesións ordinarias, de conformidade co disposto no artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, 78.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e 210.2.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, con carácter bimensual, os últimos mércores de cada mes impar, ás 20:00 horas. En caso de tratarse de día festivo ou inhábil, realizarase a semana seguinte.(…)”

Resultando que un dos membros da mesma, D<sup>a</sup> Ermitas García Ríos, comunica a esta Alcaldía a imposibilidade de asistencia ás sesións os mércores, propónse a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** Que o Concello Pleno realice as sesións ordinarias, de conformidade co disposto no artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, 78.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e 210.2.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, con carácter bimensual, os últimos xoves de cada mes impar, ás 20:00 horas. En caso de tratarse de día festivo ou inhábil, realizarase a semana seguinte.”

A Comisión, por catro (4) votos a favor do PSdeG-PSOE, e tres (3) abstencións do PP (2) e do BNG (1), acorda ditaminar devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por sete (7) votos a favor do PSdeG-PSOE, e seis (6) abstencións, do PP (4) e do BNG (2), ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

#### 4. DAR CONTA DA DESIGNACIÓN DE MEMBROS DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

O Concello Pleno, en sesión extraordinaria realizada o 04 de xullo de 2019, adopta acordo polo que se crean as Comisións Informativas permanentes da Corporación Municipal e se determina a composición das mesmas.

De acordo co establecido no artigo 125 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e vistos os escritos presentados polos voceiros do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE en data 12 de xullo de 2019, do Grupo Municipal do PP en data 16 de xullo de 2019, e do Grupo Municipal do BNG en data 17 de xullo de 2019, nos que se indica a adscrición concreta a cada Comisión Informativa dos membros da Corporación que forman parte das mesmas en representación de cada grupo político municipal, as Comisións Informativas permanentes da Corporación municipal quedan constituídas polos seguintes Concelleiros:

#### Comisión Informativa de Plenos:

Presidente: Sr. Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil (PSOE)



## **CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

- D<sup>a</sup>. Ermitas García Ríos (PSOE)
- D. Jesús Romero Carracelas (PSOE)
- D<sup>a</sup>. Magdalena Pérez Villar (PSOE)

SUPLENTES:

- D. Manuel Pérez Riola (PSOE)
- D. Manuel Martínez López (PSOE)
- D<sup>a</sup>. Carmela Prieto Cal (PSOE)

- D. Luís Rubido Ramonde (PP)
- D. Esteban Blanco Garrote (PP)

SUPLENTES:

- D<sup>a</sup>. Esther Couto Lamigueiro (PP)
- D<sup>a</sup>. María Luz Leonardo Aneiros (PP)

- D<sup>a</sup>. María José Rodríguez Pérez (BNG)

SUPLENTE:

- D<sup>a</sup>. Manuela López Rodríguez (BNG)

### **Comisión Informativa de Urbanismo:**

Presidente: Sr. Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil (PSOE)

- D. Manuel Pérez Riola (PSOE)
- D<sup>a</sup>. Ermitas García Ríos (PSOE)
- D. Jesús Romero Carracelas (PSOE)

SUPLENTES:

- D. Manuel Martínez López (PSOE)
- D<sup>a</sup>. Carmela Prieto Cal (PSOE)
- D<sup>a</sup>. Magdalena Pérez Villar (PSOE)

- D. Luís Rubido Ramonde (PP)
- D<sup>a</sup>. Esther Couto Lamigueiro (PP)

SUPLENTES:

- D. Esteban Blanco Garrote (PP)
- D<sup>a</sup>. María Luz Leonardo Aneiros (PP)

- D<sup>a</sup>. María José Rodríguez Pérez (BNG)

SUPLENTE:

- D<sup>a</sup>. Manuela López Rodríguez (BNG)

### **Comisión Especial de Contas:**

Presidente: Sr. Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil (PSOE)

- D<sup>a</sup>. Ermitas García Ríos (PSOE)
- D. Jesús Romero Carracelas (PSOE)
- D<sup>a</sup>. Magdalena Pérez Villar (PSOE)

SUPLENTES:

- D. Manuel Martínez López (PSOE)



**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

- D<sup>a</sup>. Carmela Prieto Cal (PSOE)
- D. Manuel Pérez Riola (PSOE)

- D. Luís Rubido Ramonde (PP)
- D<sup>a</sup>. María Luz Leonardo Aneiros (PP)

SUPLENTES:

- D. Esteban Blanco Garrote (PP)
- D<sup>a</sup>. Esther Couto Lamigueiro (PP)

- D<sup>a</sup>. María José Rodríguez Pérez (BNG)

SUPLENTE:

- D<sup>a</sup>. Manuela López Rodríguez (BNG)

O Pleno queda enterado.

**5. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN NÚM. 362/2019 DE DATA 09.07.2019 - APROBACIÓN LIQUIDACIÓN PRESUPOSTO CONCELLO EXERCICIO 2018**

Pola Secretaria dáse lectura á proposta de Alcaldía de data 23 de xullo de 2019, que di:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**DAR CONTA DA RESOLUCIÓN NÚM. 362/2019 DE DATA 09.07.2019 - APROBACIÓN LIQUIDACIÓN PRESUPOSTO CONCELLO EXERCICIO 2018**

Dase conta ó Pleno da resolución de Alcaldía núm. 362/2019 de data 09.07.2019, que di:

**“APROBACIÓN LIQUIDACIÓN PRESUPOSTO CONCELLO EXERCICIO 2018**

Vistos os artigos 191 a 193 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os artigos 89 a 105 do Real Decreto Lexislativo 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título Sexto da Lei Reguladora das Facendas Locais, as Regras 78 a 86 da Instrución de contabilidade para a Administración Local, de 23 de novembro de 2004 e as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Cedeira polo que respecta á liquidación do Orzamento.

Visto que a Intervención municipal evacuou o informe correspondente ó que fai referencia o artigo 191 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**RESOLVO:**

**Primeiro:** Aprobar á liquidación do Orzamento do exercicio 2018 do Concello co seguinte resumo:

**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

**ESTADO DE EXECUCIÓN POR CAPÍTULOS. RESUMO ANUAL****INGRESOS**

CAPÍTULO	PRESUPUESTO INICIAL	PRESUPUESTO DEFINITIVO	DCHOS. NETOS RECONOCIDOS	RECADACION LIQUIDA
1. IMPOSTOS DIRECTOS	2.043.000,00	2.043.000,00	2.241.502,21	2.241.502,21
2. IMPOSTOS INDIRECTOS	30.000,00	30.000,00	49.123,46	49.123,46
3. TAXAS E OUTROS INGRESOS	720.650,00	727.407,45	818.647,41	818.647,41
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	2.329.985,72	2.657.698,36	2.642.183,58	2.642.183,58
5. INGRESOS PATRIMONIAIS	95.484,64	95.484,64	92.731,78	91.497,58
<b>Subtotal Ingresos Corrientes</b>	<b>5.219.120,36 €</b>	<b>5.553.590,45 €</b>	<b>5.844.188,44 €</b>	<b>5.842.954,24 €</b>
6. ALLEAMENTOS REAIS	0,00	0,00	0,00	0,00
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	253.806,21	536.248,56	186.138,43	186.138,43
8. ACTIVOS FINANCIEROS	5.000,00	1.164.208,07	0,00	0,00
9. PASIVOS FINANCIEROS	230.923,55	230.923,55	0,00	0,00
<b>Subtotal Ingresos Capital</b>	<b>489.729,76</b>	<b>1.931.380,18</b>	<b>186.138,43</b>	<b>186.138,43</b>
<b>TOTALES EJERCICIO CORRENTE</b>	<b>5.708.850,12</b>	<b>7.484.970,63</b>	<b>6.030.326,87</b>	<b>6.029.092,67</b>

**GASTOS**

CAPÍTULO	PRESUPUESTO INICIAL	PRESUPUESTO DEFINITIVO	OBLIGACIONES RECONOCIDAS	PAGOS LIQUIDOS
1. GASTOS PERSONAL	2.331.400,00	2.629.224,37	2.386.622,18	2.347.335,15
2. GASTOS BB.CORRIENTES E SERVIC.	2.102.295,69	2.337.128,74	2.096.333,14	1.983.702,29
3. GASTOS FINANCIEROS	5.300,00	5.300,00	0,00	0,00
4. TRANSFERENCIAS CORRIENTES	339.397,51	343.949,14	205.044,82	174.884,82
<b>Subtotal Gastos Corrientes</b>	<b>4.778.393,20</b>	<b>5.315.602,25</b>	<b>4.688.000,14</b>	<b>4.505.922,26</b>
6. INVESTIMENTOS REAIS	823.244,51	1.853.479,25	1.107.753,78	1.034.884,82
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	80.212,57	81.191,87	18.134,27	18.134,27
8. ACTIVOS FINANCIEROS	5.000,00	0,00	5.000,00	0,00
9. PASIVOS FINANCIEROS	22.000,00	229.697,26	207.697,26	207.697,26
<b>Subtotal Gastos Capital</b>	<b>930.456,92</b>	<b>2.169.368,38</b>	<b>1.333.585,31</b>	<b>1.260.373,80</b>



**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

<b>TOTALES</b>	<b>5.708.850,12</b>	<b>7.484.970,63</b>	<b>6.021.585,45</b>	<b>5.766.296,06</b>
----------------	---------------------	---------------------	---------------------	---------------------

En canto ao resultado orzamentario sería o seguinte:

**RESULTADO PRESUPOSTARIO**

<b>1</b> Total Dereitos Recoñecidos Netos		<b>6.030.326,87</b>
Operacións correntes Non Financeiras Presuposto Corrente (Capítulos 1 a 5)	5.844.188,44	
Resto Operacións Non Financeiras (Capítulos 6 y 7)	186.138,43	
Subtotal Operacións Non Financeiras	<b>6.030.326,87</b>	
Activos Financieros (Capítulo 8)	0,00	
Pasivos Financieros (Capítulo 9)	0,00	
<b>2</b> Total Obrigas Recoñecidas		<b>6.021.585,45</b>
Operacións correntes No Financeiras Presupuesto Corriente (Capítulos 1 a 4)	4.688.000,14	
Resto Operacións Non Financeiras (Capítulos 6 y 7)	1.125.888,05	
Subtotal Operacións No Financeiras	<b>5.813.888,19</b>	
Activos Financieros (Capítulo 8)	0,00	
Pasivos Financieros (Capítulo 9)	207.697,26	
<b>RESULTADO PRESUPUESTARIO (1-2)</b>		<b>8.741,42</b>
<b>3</b> Desviacións de Financiamento Negativas		<b>515.677,55</b>
<b>4</b> Desviacións de Financiación Positivas		<b>219.936,68</b>
<b>5</b> Obrigas financiadas con Remanente Tesourería para Gastos Xerais		<b>385.775,77</b>
<b>RESULTADO AXUSTADO (1-2+3-4+5)</b>		<b>690.258,06</b>

No referente o remanente de tesourería resultan os seguintes datos

	<b>Importes 2018</b>	<b>Importes 2017</b>
1. Fondos Líquidos ( non inclue pagamentos a xustificar)	<b>2.993.680,12</b>	<b>2.928.186,06</b>
2. Dereitos pendentes de Cobro:	<b>9.197,33</b>	<b>182.348,60</b>
- Presupuesto Corrente	1.234,20	178.910,16
- Presupostos pechados	4.410,15	0,00
- Operacións no Presupuestarias	3.552,98	3.438,44
3. Obrigas pendentes de Pago:	<b>568.539,75</b>	<b>682.348,67</b>
- Presupuesto Corrente	255.289,39	347.316,23
- Presupostos pechados	358,89	191,90
- Operacións no Presupuestarias	312.891,47	334.840,54
4. Partidas pendentes de aplicación	<b>2.258,91</b>	<b>-562,80</b>

**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

- Cobros pendentes de aplicación definitiva	804,50	2.654,73
+ Pagos pendentes de aplicación definitiva	3.063,41	2.091,93
<b>REMANENTE DE TESOURERÍA (1+2-3)</b>	<b>2.436.596,61</b>	<b>2.427.623,19</b>
4. Dereitos ptes cobro de difícil/imposible recadación	4.410,15	0,00
5. Exceso Financ. Afectado (Desviacións Financ. Positivas)	15.241,16	318.327,39
<b>REMANENTE TESOURERÍA GASTOS XERAIS (1+2-3-4-5)</b>	<b>2.416.945,30</b>	<b>2.109.295,80</b>

**ESTABILIDADE ORZAMENTARIA**

	CONCELLO	
DRN Operaciones Non Financeiras Presuposto Corrente (Capítulos 1 a 5)	5.844.188,44	
ORN Operaciones No Financieras Presupuesto Corriente (Capítulos 1 a 4)	4.688.000,14	
<b>Aforro Bruto</b>	<b>1.156.188,30</b>	
DRN Resto Operaciones Non Financieras (Capítulos 6 y 7)	186.138,43	
ORN Resto Operaciones Non Financeiras (Capítulos 6 y 7)	1.125.888,05	
<b>Subtotal Operacións Non Financeiras</b>	<b>--939.749,62</b>	
<b>Superávit (+) ou Necesidade de Financiamento (-)</b>	<b>216.438,68</b>	
Axuste 1º (criterio caixa)	9.009,92	
Axuste 2º (int. Devengados)	0,00	
Axuste 3º (Operacións ptes. aplicar)	-70.453,77	
Axuste 4º acreedores por devolución ingresos	-339,00	
Total axustes SEC (2018)		<b>-61.782,85</b>
<b>Total Superávit (+) ou Necesidade de Financiamento (-)</b>	<b>154.655,83</b>	

Segundo os datos que se desprenden da liquidación e do sinalado pola Intervención, dedúcese unha capacidade de financiamento de **154.655,83** euros.

Dos datos analizados resulta un incumprimento da REGRA DE GASTO cun déficit respecto do límite de **249.629,11** euros.

Limite Regla de Gasto (E-F)	Importe 2017	Importe 2018
Capítulos 1 a 7 de gastos ORN		5.813.888,19
Intereses de préstamos ORN		0,00
<b>Subtotal empleos non financeiros excluidos intereses</b>		<b>5.813.888,19</b>
Axustes		
Axustes SEC		-61.782,85
Gastos financiados con outras AAPP		-1.036.226,24
Investimentos financeiramente sostibles RTGG	0,00	-85.007,89
Gasto computable liquidación	<b>4.278.556,74</b>	<b>4.630.871,21</b>
Gasto computable liquidación 2017	4.278.556,74	
Taxa incremento 2018 (2,4%)	102.685,36	



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Gasto computable con taxa incremento	4.381.242,10	
Aumentos/Disminucións permanentes recadación no 2018	0,00	
<b>Limite Regla de Gasto</b>	<b>4.381.242,10</b>	
<b>Gasto computable liquidación 2018</b>	<b>4.630.871,21</b>	
<b>Cumprimento regra de gasto</b>	<b>-249.629,11</b>	

**Segundo:** Que se dé conta ó Pleno da corporación na primeira sesión ordinaria que se celebre do resultado obtido no mencionado exercicio orzamentario e remitir copia da mesma á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.”

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde.”

O Pleno queda enterado.

### 6. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA ADOPTADAS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por RD 2568/1986, a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas desde a realización da última sesión plenaria con carácter ordinario, aos efectos de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Nº DECRETO	ASUNTO
00302/2019	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000018070 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00303/2019	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL
00304/2019	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL
00305/2019	CONTRATACIÓN DE AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR PARA CUBRIR VACACIÓNS 2019
00306/2019	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN NORMALIZADOR LINGÜÍSTICO 2019
00307/2019	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL
00308/2019	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL
00309/2019	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL
00310/2019	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL
00311/2019	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL
00312/2019	ALTAS NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES DE MAIO 2019
00313/2019	APROBACION DEFINITIVA MC 14 2019 TC 07 2019
00314/2019	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000018118 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00315/2019	LISTAS DEFINITIVAS DE ADMITIDOS/AS PARA A SELECCIÓN DE PEÓNS AO ABEIRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA NO CONCELLO DE CEDEIRA
00316/2019	APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS DE PERSOAL PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF)

**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

00317/2019	LEVANTAMENTO REPARO A RELACION DE FACTURAS F-2019-13
00318/2019	NOMEAMENTO DE DONA X.X.X. COMO FUNCIONARIA INTERINA EN SUBSTITUCIÓN DE DONA X.X.X. PARA CUBRIR NECESIDADES URXENTES E INAPRAZABLES.
00319/2019	CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO 12.06.2019
00320/2019	LISTAS PROVISIONAIS DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS AO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A FORMACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS COMO INFORMADOR/A TURÍSTICO.
00321/2019	NÓMINA EXTRAORDINARIA DE XUÑO 2019
00322/2019	CONCESIÓN DE PRÓRROGA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE MELLORA DE BEIRARRÚAS NA AV. AREA, RÚA AS PONTES, CAMIÑO REAL MAGDALENA E OUTRAS.
00323/2019	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000018156 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00324/2019	CONVOCATORIA SESIÓN EXTRAORDINARIA 15.06.2019 CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN E ELECCIÓN ALCALDE/ALCALDESA
00325/2019	ARQUIVO DO EXPEDIENTE POR DESISTIMENTO (EXP. 2018/U019/000007)
00326/2019	APROBACIÓN DO PROXECTO "MODIFICADO NÚM. 1 DE SANEAMENTO EN AS PONTIGAS"
00327/2019	APROBACIÓN DEFINITIVA MC 15 2019 GC 07 2019
00328/2019	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUNHA AUXILIAR ADMINISTRATIVO PARA CUBRIR O PERIODO DE BAIXA POR ILT DE X.X.X.
00329/2019	APROBACIÓN DO PROXECTO "MODIFICADO NÚM. 1 DE SANEAMENTO EN AS PONTIGAS. PO+2017. CORRECCIÓN DO CONTIDO DOS ANTECEDENTES.
00330/2019	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE CINCO PEÓNS PARA UNHA CUADRILLA DE LIMPEZA DE PRAIAS
00331/2019	CONVOCATORIA DA COMISIÓN SELECCIONADORA E DATA DO PROCESO SELECTIVO DE SOCORRISTAS PARA O SERVIZO DE PROTECCION E MANTEMENTO DE PRAIAS.
00332/2019	CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL POR INTERINIDADE POR SUBSTITUCIÓN DE X.X.X.
00333/2019	ACEPTACIÓN DESESTIMENTO Dª X.X.X.
00334/2019	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000018190 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00335/2019	CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS
00336/2019	NOMEAMENTO DE CONCELLEIROS-DELEGADOS
00337/2019	ASISTENCIAS MEMBROS CORPORACIÓN MUNICIPAL DO 1 DE MAIO AO 14 DE XUÑO DE 2019
00338/2019	NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE
00339/2019	INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DO SERVIZO-LOCOMOCIÓN
00340/2019	NOMINA DE XUÑO 2019
00341/2019	SEGUNDA CONVOCATORIA DA COMISIÓN SELECCIONADORA E DATA DO PROCESO SELECTIVO DE SOCORRISTAS PARA O SERVIZO DE PROTECCION E MANTEMENTO DE PRAIAS.
00342/2019	MODELOS AEAT 111 E 303 DO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2019
00343/2019	CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DE CATRO AUXILIARES DE POLICIA LOCAL
00344/2019	RECARGA TARXETAS TRANSPORTE METROPOLITANO- ANTICIPO DE PAGO A XUSTIFICAR
00345/2019	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DOUS TRABALLADORES CON OCUPACIÓN DE BAÑISTAS-SOCORRISTAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO SERVIZO DE PROTECCIÓN E MANTEMENTO DE PRAIAS
00346/2019	APORTACIÓN AOS GURPOS POLÍTICOS DENDE O 01 DE XANEIRO AO 14 DE XUÑO DE 2019 EN CANTO AO GRUPO E AO NÚMERO DE CONCELLEIROS.

**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

00347/2019	LEVANTAMENTO REPARO E APROBACION DA RELACION DE FACTURAS F-2019-14
00348/2019	TRAMITACIÓN DE DECRETOS
00349/2019	CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO 04.07.2019
00350/2019	LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDO/AS E EXCLUÍDOS/AS E COMISION SELECCIONADORA PARA A FORMACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS COMO INFORMADOR/A TURÍSTICO.
00351/2019	DELEGACIÓN NA CONCELLEIRA CARMELA PRIETO CAL PARA CELEBRACIÓN DE MATRIMONIO CIVIL
00352/2019	NOMINA ATRASOS PAGA EXTRAORDINARIA DE XUÑO DE 2019 DE DONA X.X.X.
00353/2019	MODIFICACIÓN DA DATA DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
00354/2019	ANULADO -SEN CONTIDO-
00355/2019	CONTRATO MENOR - CONTROL DE CALIDADE EXTERNO DA OBRA DE MELLORA DE CAMIÑOS NO CONCELLO DE CEDEIRA. AGADER 2019
00356/2019	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE DESBROCE DE CAMIÑOS MUNICIPAIS CON MEDIOS MECÁNICOS
00357/2019	DECLARACIÓN DE D. PABLO VIÑAS ARIAS EN SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DE EXCEDENCIA POR PRESTACION DE SERVIZOS NO SECTOR PUBLICO
00358/2019	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL
00359/2019	DECLARACIÓN DE D <sup>a</sup> . X.X.X. EN SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DE EXCEDENCIA POR INTERÉS PARTICULAR
00360/2019	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE CATRO PEÓNS PARA O PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PEL)
00361/2019	LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDO/AS E EXCLUÍDOS/AS E COMISION SELECCIONADORA PARA A FORMACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS COMO ARQUITECTO/A TÉCNICO-APARELLADOR/A.
00362/2019	APROBACIÓN LIQUIDACIÓN ORZAMENTO 2018
00363/2019	CONTRATO MENOR DE CREACIÓN E INTERPRETACIÓN ARTÍSTICA PARA PINTURA DE MURAL NA PONTE NOVA
00364/2019	TRAMITACIÓN DE DECRETOS
00365/2019	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 9950000018253 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO APROBACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS NOS POSTOS DE TRABALLO DE INFORMADOR/A TURÍSTICO.
00366/2019	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 9950000018253 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO APROBACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS NOS POSTOS DE TRABALLO DE INFORMADOR/A TURÍSTICO.
00367/2019	TOMA COÑECEMENTO NOMEAMENTO ACCIDENTAL DO POSTO DE SECRETARIO
00368/2019	NOMEAMENTO INTERVENTOR ACCIDENTAL
00369/2019	CONCESIÓN DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL A DONA X.X.X.
00370/2019	CONCESIÓN DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL A DONA X.X.X.
00371/2019	SOLICITUD GENERAL A NOMBRE DE DESCUENTO GLOBAL FINANCIERO SL. SOLICITA: QUE EL DERECHO DE COBRO DE LA FACTURA 65 EMITIDA POR SU PROVEEDOR MECANO OBRAS Y REFORMAS SL ES DE DESCUENTO GLOBAL FINANCIERO SL. POR LO QUE SOLICITO CONFORMIDAD A LA
00372/2019	DELEGACION DE FUNCIONS DE ALCALDIA NO PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE
00373/2019	MC 18 2019 GC 08 2019
00374/2019	ACHEGA AVAL DE GARANTÍA DEFINITIVA DE "MELLORAS DE SANEAMENTO NAS RÚAS PZA, SILVA E FLOREAL"
00375/2019	DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DEL AYUNTAMIENTO PARA TRÁMITES



## CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

	ELECTRÓNICOS
00376/2019	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DÚAS PERSOA PARA OFICINAS DE INFORMACIÓN TURISTICA AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
00377/2019	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUNHA PERSOA PARA OFICINAS DE INFORMACIÓN TURISTICA E XEODESTINOS AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN DA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA
00378/2019	APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE SANEAMENTO EN CASAL DE MARIA E VILA DO RIO
00379/2019	CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE ASESORÍA XURÍDICA
00380/2019	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS PARA TÉCNICO DEPORTIVO DURANTE CATRO MESES
00381/2019	LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS E COMISION SELECCIONADORA DA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIÓN LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS PARA A BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS.
00382/2019	CONTRATACIÓN DE ESPECTÁCULOS INCLUIDOS NA REDE CULTURAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA O ANO 2019
00383/2019	SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE AMPLIACIÓN DE HORARIO DE ACTIVIDADES RECREATIVAS E APROBACIÓN PAGAMENTO DE TAXAS
00384/2019	APROBACIÓN CONVENIO DE ADHESIÓN Á REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS - AGADIC- 2º SEMESTRE 2019
00385/2019	CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE PIROTECNIA PARA AS FESTAS PATRONAIS
00386/2019	CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO 31.07.2019

O Pleno queda enterado.

### 7. MOCIÓN DE URXENCIA

O Sr. Alcalde di: O Comité de Empresa de Navantia presenta a moción que se vos acaba de pasar. Esta moción xa se aprobou por unanimidade tamén na Mancomunidade e gustaríanos lela e debatela aquí entre todos e que entre todos, se estamos de acordo, a apoiemos conxuntamente.

Pola Presidencia infórmase que o grupo de goberno municipal somete á consideración do Pleno, por razón de urxencia, a seguinte moción presentada polo presidente do Comité de Empresa Navantia Ferrol de data 29.07.2019 (rex. de entrada de data 31.07.2019, nº 2688), á que pola Secretaria dáse lectura:

#### **“PROPOSTA DE MOCIÓN PARA A SÚA APROBACIÓN NO CONCELLO DE CEDEIRA COMITÉ DE EMPRESA DE NAVANTIA FENE/FERROL EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Os estaleiros da ría de Ferrol (Fene e Ferrol) dedicados á construción naval militar e civil, Eólica Mariña, Reparacións e Turbinas, xeran ao redor de 2.000 empregos directos, 10.500 de carácter indirectos, o que en si mesmo supón o 22% da contribución do emprego industrial da provincia, achegando o 24% do PIB industrial da provincia da Coruña.



## **CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Navantia soubo evolucionar desde unha construción tradicional ata a utilización das máis modernas tecnoloxías, sendo un referente mundial no deseño, a construción e reparación de buques militares e civís.

Ademais e o polo de atracción de numerosas empresas auxiliares que desenvolven a súa actividade industrial, complementando labores principais do estaleiro, colaborando a alcanzar os seu obxectivos de futuro e ofrecendo emprego a gran cantidade de traballadores, emprego cualificado e de calidade, forxouse unha cultura de traballo composta por cualificacións, oficios e saberes de imprescindible conservación e reprodución.

Por outra banda, debido a escasa diversificación da Comarca de Ferrol, Navantia segue xogando un papel primordial a hora de xerar riqueza, emprego e benestar social, do que se benefician todos os sectores: comercial, industrial, servizos, e, en definitiva, toda a economía da zona.

O pasado 20 de decembro asinábase o Plan Estratéxico de Navantia, cuxo máximo obxectivo era sacar a Navantia do pozo en que nos meteron ao longo destes últimos anos, que a xestione (Navantia estaba en causa de disolución a teor da Lei de Sociedades de capital), garantirá a supervivencia e sustentabilidade da empresa, e con iso o emprego e os dereitos.

Os cimentos do devandito Plan Estratéxico son: un Plan Comercial e Carga de Traballo, un Plan de Eficiencia Operativa Estaleiro 4.0 e un programa de rexuvenecemento e formación.

Para a Comarca de Ferrol, cabe destacar, como factores máis significativos, a próxima contratación das 5 fragatas F110, un pedido moi importante, xa que despexará dez anos de carga de traballo.

Por outra banda, o rexuvenecemento de persoal a través de contratacións como fixos de persoal de aproximadamente 675 novos traballador@s, e a xeración duns 5000 empregos entre a Industria Auxiliar e outros inducidos, o cal significa xerar unha gran luz de esperanza, especialmente cara as mozas e mozos, que son os que máis veñen padecendo o paro e a precariedade nesta Comarca.

O contrato das F110 son a garantía de futuro da Empresa, da estabilidade, da carga de traballo e do emprego a medio e longo prazo, sendo un elemento imprescindible para servir de soporte aos procesos de dixitalización e Industria 4.0, que xunto á diversificación (naval civil, eólica, etc.) necesitamos abordar en Navantia.

Coa orde de Execución xa firmada aínda non permite solucionar o baleiro da carga de traballo que imos sufrir en Navantia e na Comarca de Ferrol no curo prazo (anos 2020/2021), como consecuencia do seu atraso.

Efectivamente, a Orde de Execución tería que producirse no ano 2017 como prevía a Empresa e a propia Armada Española.

Foi o empeño do anterior Goberno do Estado, por imponer un cambio no tipo de misiles en contra da opinión da Armada, os verdadeiros responsables de que se atrasase durante anos a posta en marcha do contrato para construír cinco fragatas nos estaleiros de Navantia en Ferrol.



## **CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Dito retraso acareou graves problemas a Empresa, pois a planificación que esta realizou baseábanse en que estas construción enlazasen coa fase final da construción dos dous Buques de Aprovisionamento de Combate para a Armada Real Australiana, planificación que naturalmente “saltou polo aire” debido a irresponsabilidade daquel Goberno.

A consecuencia e que, nos próximos anos, dende finais deste verán do 2019 ata o 2021, os niveis de paro serán alarmantes e que, no caso de non solucionarse, tería gravísimas repercusións para o emprego, tanto en Navantia, na Industria Auxiliar, e mesmo no conxunto da Comarca de Ferrol.

Si se ten en conta que o desenrolo da enxeñaría que con leva a construción dun barco (empleanse normalmente en torno a dous anos.), e fácil sacar a conclusión que soio e posible cubrir o vacío que se produce mediante a construción dun novo proxecto xa desenrolado.

E evidente que si se desexa evitar gravísimas repercusións, especialmente no emprego, é imprescindible que se concrete e se adopte a correspondente decisión con carácter de urxencia, única maneira que permite xenerar carga de traballo a partir do ano 2020.

Por todo isto, preséntase a seguinte:

### **PROPOSTA DE MOCIÓN**

1. Apoio á moción presentada pola Representación Social das traballadoras e traballadores de Navantia Ría de Ferrol.
2. Tendo en conta as coñecidas necesidades da Armada Española, a nosa esixencia pasa por dotar de carga de traballo a Navantia, mediante a contratación dun Buque de Aprovisionamento en Combate (BAC), dado que contamos coa enxeñaría xa desenvolva e iso permitiría cubrir a falta de ocupación dos anos 2020/2021.
3. Dende esta Corporación, instar o Goberno do Estado, Xunta de Galicia e á Dirección de Navantia para que leven a cabo todas as xestións precisas para a concreción destas contratacións no prazo máis breve posible. E ao mesmo tempo, solicitamos aos partidos políticos representados neste Concello o seu apoio e compromiso as propostas contempladas nesta moción.”

Aberto o turno de intervencións a Sra. Rodríguez Pérez di: Nós imos votar a favor porque estamos de acordo con moitas das cousas que se din aquí, é dicir, si que cremos que o estaleiro de Navantia en Ferrol é máis que importante para todo o desenvolvemento da Comarca de Ferrol, xa non só polos empregados e empregadas do propio estaleiro, senón tamén polo traballo que da ás empresas auxiliares, nas que tamén traballa xente de Cedeira. O único, insisto que imos a votar a favor, que creo que non se debería centrar única e exclusivamente no que é na demanda que veña da Armada, creo que son uns estaleiros excelentes, do mellor que hai en todo o Estado español e que tamén deberían ter bastante máis traballo no que é a carga civil.

O Sr. Alcalde di: Si, eu creo que cando eles din que instan ao Goberno, á Xunta e á dirección de Navantia para que leven a cabo todas as xestións precisas deberían concretar un pouco máis no tema civil.





**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

A Sra. Rodríguez Pérez di: A ver, a moción en sí é polos contratos das F110 que está ben porque o das fragatas foi unha tomadura de pelo. Eu non sei se vos acordades. Cantas veces estaban xa asinadas e non estiveron nunca. É unha tomadura de pelo realmente. Aparte de todo o tema fragatas, Armada e demais, a construción civil é fundamental para uns estaleiros e é unha pena o abandono que sofre. Nada mais.

O Sr. Alcalde di: Cando mais carga de traballo tiveron foi cando traballaron facendo obra civil.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Efectivamente.

O Sr. Pérez Riola di: Pero en obra civil están limitados. É un estaleiro militar con subvención estatal e están limitados pola Unión Europea en construcións de obra civil.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Si, por iso...

O Sr. Pérez Riola di: O problema que temos en construción de obra civil é que non imos competir con China, bueno, con Asia.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Aí poderíamos falar doutros temas.

O Sr. Pérez Riola di: Non, non...Eu non vou falar do PSOE nin...

A Sra. Rodríguez Pérez di: Eu si!

O Sr. Pérez Riola di: Nin de nada, senón do que hai. E o que hai é iso. No militar podemos competir porque ademais temos tecnoloxía punta.

A Sra. Rodríguez Pérez di: E está permitido por Europa.

O Sr. Pérez Riola di: Eles adaptaron o sistema americano a eles, adaptárono a fragatas. En Estados Unidos non se adaptaron, só teñen destrutores por iso tivemos a fragata de Noruega.

O Sr. Alcalde di: Luís, algunha intervención mais?

O Sr Rubido Ramonde di: Nós imos apoiar a moción e non subscribimos o parágrafo segundo do reverso, obviamente.

Polo Sr. Presidente se somete a consideración do Pleno a urxencia do asunto, resultando APROBADA a urxencia por unanimidade dos membros presentes, e polo tanto, polo voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, incluíndose na orde do día.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR a moción nos termos nos que quedou transcrita.



## **CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

*Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06*

*C.I.F.: P-1502200-G*

Pola Presidencia pregúntase se algún dos presentes desexa someter á consideración do Pleno, por razón de urxencia, algún outro asunto non comprendido na orde do día que acompaña á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas, non presentándose ningún outro asunto.

### **8. ROGOS E PREGUNTAS**

Aberto o turno de rogos e preguntas a Sra. Rodríguez Pérez di: Eu teño dúas preguntas breves. Por un lado, a remodelación do castelo: cándo pensades sacar a contratación do subministro?

O Sr. Alcalde di: Estamos preparando os pregos. Agora estamos centrándonos no orzamento porque precisamente, para poder dotar e para poder sacalo a concurso, temos que dotar orzamentariamente unha pequena partida que tiñamos aí que vai a ser aprobada. O día 9, en teoría, aprobamos os orzamentos co que esperamos que en setembro xa estea aprobado definitivamente e xa se fará a licitación. Estamos facendo o que son os pregos en sí, é dicir, todo o traballo previo.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Os pregos xa están feitos.

O Sr. Alcalde di: Non, os de subministro non están feitos. Tivemos que conseguilos na Deputación porque non teñen nada que ver cos de obras. Non había ningún feito coma eses. Os que había feitos eran de Moeche, pero Moeche fixo un contrato de subministro, pero fixoos a Deputación da Coruña, o que son os pregos.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Pero para solicitar a subvención houbera que mandar xa os pregos feitos, non?

O Sr. Alcalde di: Si, pero unha cousa son os pregos técnicos e outra cousa...

A Sra. Rodríguez Pérez di: Ai! Os outros! De todas formas, creo que xa debería ter dado tempo antes de que se aproben os orzamentos. Seguro que se aproban os orzamentos agora en agosto?

O Sr. Alcalde di: Home, esperemos. Nosoutros o día...en teoría temos comisión informativa para facer o día 6.

A Sra. Rodríguez Pérez di: 6 da semana que ven?

O Sr. Alcalde di: Si. E o día 9 levalos a pleno. Que o faríamos pola mañá.

A Sra. Rodríguez Pérez di: E outra pregunta: eu quería sabelo porque me urxía polo tema da subvención e ademais é que non sei exactamente canto tempo hai, nin nunca o mirei, canto tempo hai para executar a subvención. Non o sei.

O Sr. Alcalde di: Ten prórroga tamén. O que falamos tamén foi de executalos agora no verán. Estaría ben preparalo para intentar executar a obra en setembro-outubro. Sería o ideal.



**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

A Sra. Rodríguez Pérez di: E outra, a bolsa de servizos sociais, en qué está? É dicir, impugnouse e agora qué? Quedou aí parada e non se sabe máis e tedes aí un problema...

O Sr. Alcalde di: Gordo. Si.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Fermoso. Qué pasa coa bolsa?

A Sra. Secretaria di: Hai que resolver o recurso antes de seguir adiante. Non seguir coa bolsa ata que non se resolva o recurso.

A Sra. Rodríguez Pérez di: A ver, tedes que resolvelo, pero xa o debiades de ter resolto.

O Sr. Alcalde di: Había que facer tamén unha consulta na Xunta de Galicia porque estáenos dando traslado dunha información que aquí a nivel xurídico non está clara. Entón tamén queremos que a Xunta de Galicia se pronuncie por escrito.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Pero eu xuraría que vin un informe...

O Sr. Alcalde di: Non.

A Sra. López Rodríguez di: Era unha resposta da traballadora social á inspectora.

O Sr. Alcalde di: E se é favorable a impugnación...

A Sra. Rodríguez Pérez di: Nada, quería saber cómo estaba o tema e que o aceleredes.

O Sr. Alcalde di: Si, porque aparte creo que a empresa, Atendo, que é a que o estaba levando...

A Sra. López Rodríguez di: É que non ten xente.

O Sr. Alcalde di: É que Atendo perdeu agora o contrato de Valdoviño. Por iso Atendo se marchou.

A Sra. López Rodríguez di: Pero non hai problema para cubrir as vacacións das traballadoras, non?

O Sr. Alcalde di: Non.

A Sra. López Rodríguez di: Vale, pois iso é o importante.

A Sra. Pérez Villar di: Está todo cuberto.

O Sr. Alcalde di: Pero bueno, o importante é sacar a bolsa. É fundamental. É a bolsa que máis se move.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Efectivamente.



**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

O Sr. Rubido Ramonde di: Nós só queremos facer un rogo: que se teña en conta nos próximos orzamentos unha partida para obter o certificado e declarar Cedeira como municipio cardioprotexido que consiste en dotar varios puntos estratéxicos de desfibriladores. Como quedan tres meses de aplicación do orzamento. A partida tampouco ten que ser moi grande, logo tería que ser plurianual. Entón, para o próximo ano. Sería bo para o pobo.

O Sr. Alcalde di: Pola nosa parte parécenos un rogo bo. O normal é que se siga a liña en que se estaba traballando neste goberno. Nestes orzamentos vai outro aparato, un desfibrilador que sería para colocar no colexio e que a pretensión que tiñamos, porque estes orzamentos son os que se traballaron dende o anterior goberno, e a idea era que este desfibrilador se utilizase no verán téndoo preto da caseta de socorrismo para utilizalo para a praia. Pero bueno, que todos os edificios municipais o teñan. Non sei cómo é o tema do certificado e todo isto, miraremos se hai que declaralo como concello. Non sei cómo vai.

O Sr. Rubido Ramonde di: Que determinadas rúas teñan un e fixemos unha estimación e entorno a dez, ao redor de 30.000 euros. Aínda que sexa plurianual.

O Sr. Alcalde di: Dez aparatos dis?

O Sr. Rubido Ramonde di: Si. Colocados estratexicamente na zona urbana e na zona do rural para obter o certificado.

O Sr. Alcalde di: Nós cremos que se agora temos a posibilidade de poñer un, que eu creo que si que para o colexio, se estamos todos de acordo, que debería ir. Se de aquí a final de ano nos orzamentos hai algunha partida que se poida modificar que non se vaia a usar tamén insto a que se fale no pleno e se adopte nos sitios que creamos todos oportunos para colocalos. Porque niso estamos todos de acordo.

O Sr. Blanco Garrote di: Qué hai cinco agora?

O Sr. Alcalde di: Cantos hai? Non... hai dous.

O Sr. Blanco Garrote di: Hai un no campo de fútbol, pavillón... E no instituto non hai?

O Sr. Alcalde di: Non, no instituto non.

O Sr. Rubido Ramonde di: Aproveitando a instalación eléctrica das bicicletas e así aproveitando distintos puntos. A estimación é en torno ós dez.

O Sr. Alcalde di: Estamos falando, María, que se de aquí a final de ano, aparte de comprar este, hai partidas que igual non se van a gastar, podemos destinalas para poder comprar algún aparato mais. Falalo entre nós, entre todos e acordalo. Por min non hai inconveniente.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Si, e hai sitios como colexios, instituto... que eu creo que son fundamentais.

O Sr. Alcalde di: Si, e no rural tamén.



**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

*Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06*

*C.I.F.: P-1502200-G*

A Sra. Rodríguez Pérez di: E no rural tamén.

O Sr. Rubido Ramonde di: Pero o seu fin sería obter o certificado.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 20:23 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE  
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA  
ANA VELO RUIZ